

BASES DO IV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA A MULLER TRABALLADORA

Tema:

Situacións que reflectan o traballo das mulleres en calquera eido.

Participantes:

Poderán participar todas as persoas que o desexen, sexan profesionais ou afeccionados, cun máximo de tres fotografías por persoa, non podendo acumular máis de un premio un só participante.

Formato:

As fotografías serán orixinais e non premiadas noutros concursos. Poden ser en branco e negro ou en cor, cun tamaño libre. As fotografías presentaranse sen montar, sen paspartú, marco nin cristal. E sen datos persoais que poidan identificar á persoa autora. Aquelas fotografías nas que apareza unha persoa identificable, deben contar co consentimento da persoa retratada.

O xurado pode requirir este consentimento por escrito.

Prazo e lugar de presentación:

As fotografías presentaranse na Casa do Concello en horario de 09.00 a 14.00 horas, ata o 21 de febreiro de 2011.

Forma de presentación:

Entregarase cada unha das fotografías de forma independente en sobre pechado, coa indicación "IV Concurso de Fotografía A Muller Traballadora". As normas para cumprir son: no reverso da fotografía figurará o título da obra, xunto cun sobre pechado co título no exterior e no interior figurarán nome e apelidos, enderezo, teléfono e fotocopia do DNI.

Establécense os seguintes premios:

1.º premio: 300 €, 2.º premio: 200 € e 3.º premio: 100 €

Xurado:

- O xurado será o Consello Local da Igualdade.
- A decisión do xurado comunicaráselles ás persoas interesadas o 25 de febreiro.
- Os premios entregaranse no marco dos Premios Meca da Igualdade.

Destino das obras:

- O Concello do Grove resérvase todos os dereitos de propiedade e uso das cinco fotografías que obteñan maior puntuación, citando sempre o nome do autor ou autora.
- A fotografía gañadora será empregada na campaña do Día Internacional da Muller Traballadora.
- Todas as fotografías presentadas a concurso serán expostas ao público no mes de marzo. Se a cantidade de obras recibidas exceder o número máximo para a súa exhibición, realizarase unha selección previa.

Varios:

- A participación neste concurso implica a plena aceptación das presentes bases e a resolución pola organización de calquera eventualidade non contemplada nelas.

Concello do Grove
Xaneiro de 2011